

**OS VELLO NON DEBEN DE  
NAMORARSE**

# OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ  
CASTELAO

*A Petapouca*

Os vellos non deben de namorarse Copyright © 2013

This book was produced using PressBooks.com, and PDF rendering was done by PrinceXML.

# Contents

Prólogo	v
Lance Primeiro	
Persoaxes	2
Escea I	4
Escea II	11
Escea III	13
Escea IV	20
Escea V	22
Escea VI	29
Escea VII	36
Lance Segundo	
Persoaxes	42
Escea I	44
Escea II	51
Escea III	56
Escea IV	63
Lance Terceiro	
Persoaxes	67
Escea I	69
Escea II	74
Escea III	78
Escea IV	81
Escea V	85
Escea VI	88

## Epílogo

Escea única	92
Indicacións	99

# Prólogo

*Miñas donas e meus señores:*

*Axiña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben de namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tesis. Non é de tesis, non. Trátase apenas dunha síntesis artística, ou máis ben, artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturou a falcatruada de Lela e mátase con solimán da súa propia botica; o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de felicidade. Son tres faces diferentes dun mesmo drama, contado á maneira galega e para regalía dos que poidan comprender o noso linguaxe. Pero este coñecidísimo drama, que agora ides ver nunha farsa nova, é, asimismo, un aviso de tres estalos que lle damos aos vellos namoradeiros. Compre decir que as vellas non están no caso dos vellos, anque os amores serodios andan sempre aparellados coa morte, pois neste caso sóio perden a vida os mozos que se deixan chuchar por vellas indecentes. Non, o drama é de homes que se namoran a destempo, porque non souperon aproveitarse do amor cando eran mozos ou porque pretenden bulrarse da morte cando xa a levan ao lombo. Os homes deben buscar tesouros amorosos na mocidade, e gardalos ben gardadiños para cando chegue a vellez, si é que arelan o respecto do mundo e non gostan de vérense retratados nesta caste de comedias. Ninguén se bulra dun vello e dunha vella que siguen amándose tolamente. ¡E qué emoción dá ver a un vello vedreiro que chora por amor que perdéu cando era mozo! Os vellos deben gardar amores antigos, porque axúdanlles a vivir; pero cos amores novos, e a súa morte fai rir ás xentes.*

*Co dito abonda para que comencemos a farsa. E si ela fose do voso agrado o autor sentiríase ledó.*



# Lance Primeiro

## Persoaxes

### O BOTICARIO

*Vello namoradoizo, que ten, ademáis, a desgracia de chamarse Saturio.*

### LELA

*Moza requentada na súa propia malicia.*

### O CARABINEIRO

*Catador de lupandas, disposto a unha nova vida.*

### AS IRMÁNS DO BOTICARIO

*Catro ánimas do purgatorio, embrulladas en roupa negra.*

### A MORTE

*O máis tirán de todos, disfrazado de mendicante.*

### MULLERES

*Dez bocas con alferrón.*

Tódolos persoaxes levan careta.





# Escea I



*A escea desenrólase na botica. Cando se ergue o pano aparece Lela debruzada no mostrador, apreixando unha botelliña na man, e o boticario —tamén debruzado— a falar con Lela. Trátase de representar un paliqne amoroso.*

LELA

Eu non sei que me dá este home... porque xa fai moito tempo que debía estar na casa.

O BOTICARIO

Pois calisquera día douche un feitizo de namorar e vólvote toliña. ¡Como me chamo Saturio que o fago!

LELA

¡Eso sería unha traiduría...

O BOTICARIO

¡Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

LELA

¡Con non tomar xaropes desta botica...!

O BOTICARIO

Tamén che podo dar polvos seguidores, ou píldoras de malicia, que son máis ardentes.

LELA

¡Vaites, vaites con Don Saturio, que quer chegar polo atallo...! ¿I entón, vostede xa non atopa maneira de namorar polas boas...?

O BOTICARIO

Os peixes e as mulleres cóllense con artimañas... ¡E como eu xa vou indo algo vello...!

LELA

Un vello raposo e con moita esperencia; pero a min non me colle, non. Se fose un boticario legal e honrado... veríamos...

O BOTICARIO

Pois... queréndome polas boas xa non che fago a traiduría. ¡Tí escolle!

LELA

Tanto como querer aínda non o dixeran eu; pero, quen sabe...! Despreceí moitos mozos —¡ai eso sí!— porque os amoríos gastan o corazón e chuchan o siso. A min gustaríame un home... un home...

O BOTICARIO

Un home feito e dereito, con cabeza ben asisada.

LELA

Para casar non me levaría ningún tultitates.

O BOTICARIO

Entón eu son o tal.

LELA

Non digo tanto; pero hainos peores. Vostede... vostede... é un home de moito mérito... Con moita calva —esa é a verdade—.

O BOTICARIO

*Pasando a man pola cabeza*

Non fagas caso. Todo esto é testa.

LELA

¡Ai, mire para ahí! ¡Pois ten razón...! ¡Non reparara ben...!

O BOTICARIO

Cando tiña moito pelo non che tiña tanta cabeza.

LELA

Pois entón compre que o meditemos, porque para casar... pa-ra ca-sar, gustaríame un home con cabeza.

O BOTICARIO

De cabeza e de corazón . I eu téñoche un corazón que non me cabe no peito.

LELA

*Como falando para si*

Este condenado de Don Saturio estame engaiolando, e se non me defendo...

O BOTICARIO

Se non te defendes, ¿qué? Se non te defendes métote nesta casa para mandares en min, e conto acabado.

LELA

Ai, sí. ¿E as súas irmáns? ¡Quén as ouviría!

O BOTICARIO

As miñas irmáns son catro santiñas .

LELA

Sí, sí, pero son catro.

O BOTICARIO

Serían coma catro nais.

LELA

*Dispóndose a irse*

Ou coma catro sogras.

O BOTICARIO

Agarda un bocadiño, a ver se nos entendemos hoxe.

LELA

Non podo, que xa é hora de darlle o xarope a meu pai. Voume, voume.

O BOTICARIO

¡Agarda un bocadiño...!

LELA

Non podo Sa-tu-rioo... Xa ve que lle retiréi o *Don*, e iso algo proba .  
Falaremos outro día, sí?

O BOTICARIO

¿Cándo?

LELA

Cando veña por máis xarope para o meu pai.

O BOTICARIO

¡Ai, que tarde!

LELA

Canto máis tarde máis ilusión. ¡Abur, Saturio!

O BOTICARIO

10 Os vellos non deben de namorarse

Abur entón, Leliña .

*Vaise Lela e o boticario esfégase as mans de contentamento.*



## Escea II

*O boticario e, dispóis, máis boticarios*

### O BOTICARIO

*A cavilar*

Esta rapaza non é unha tola, non. E seméllame que lle acomodo... Ela quer casar con home maduro e deitarse en sabáns de bo liño. ¡Ten talento! ¿E tí, Saturio, casaríaste con Lela? Casar... casar, casaría se as miñas irmáns desen consentimento... ¡Ela ten un celme no falar! ¡E qué corpo! ¡Qué corpo! Sería capaz de deixar ás miñas irmáns por seguila ao mesmo inferno.

*O boticario vai por unha guitarra e séntase nunha silla, ao pé do mostrador. Ponse a templar o instrumento e a facer «posturas».*

### O BOTICARIO

Xa perdín os dedos; pero aquelas cousas que tocabamos en Sant-Iago non as esquezo, non. Lémbrome dunha vez... Eu coa guitarra e os meus compañeiros de pousada a cantar. ¡Qué serenatas demos!

*O boticario asubía unha cántiga de estudantes, acompañándose coa guitarra. Neste intre xurden detrás do mostrador, un a un, varios perxoaxes idénticos a el. Trátase de revivir aquela serenata que o vello estudante relembra. O boticario multiplícase para formar un coro que rompe a cantar a vella cántiga.*

### CORO DE BOTICARIOS

Están as nubes chorando  
por un amor que morréu  
están as rúas molladas  
de tanto como chovéu.

Lela, Lela,  
Leliña por quen eu morro  
quero mirarme  
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes  
e ten compasión de mín.  
Sen tí non podo,  
sen tí non podo vivir.

Dame alento cas túas palabras,  
dame celme do teu corazón,  
dame lume cas túas miradas  
dame vida co teu doce amor.

Lela, Lela,  
Leliña por quen eu morro  
quero mirarme  
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes  
e ten compasión de mín.  
Sen tí non podo,  
sen tí non podo vivir.

*Os boticarios desaparecerán agachándose detrás do mostrador, tal como  
apareceeron.*

*O boticario sai da escea coa guitarra derrastro.*

## Escea III

*Entra un mendicante con cara de morto. Trai unha careta na man e pona  
diante do público para tapar a súa caveira e transfigurarse.*

A MORTE

*Chamando*

¡Ei, da botica!

*Entra o boticario*

O BOTICARIO

¡Que Deus o ampare, meu santo!

A MORTE

¿E logo, non me podería dar unha meiciña pagándolla ben?

O BOTICARIO

Polo seu precio véndolle a botica enteira.

A MORTE

¡Ai, se me podese vender a súa sabencia de boticario! Dáballe canto quixera.

O BOTICARIO

¿Tan rico é o meu home?

A MORTE

Non son tan probe como parezo.

O BOTICARIO

Pois dígame o que quer.

A MORTE

Eu veño de moi lonxe, para mercar unha meiciña... unha meiciña que me sande.

O BOTICARIO

¿E traí receta?

A MORTE

A meiciña que me pode sandar a min non se fai con receta de médico.

O BOTICARIO

¿E logo?

A MORTE

As miñas doores danse mellor no libro dos boticarios vellos.

O BOTICARIO

Eu aínda non son tan vello.

A MORTE

Vostede ten anos de abondo para saber máis que os boticarios novos.

O BOTICARIO

Home... algo sei, algo sei. E se vostede me di ónde lle doi...

A MORTE

Eu teño unha doenza eiquí. *Pon a man no peito*

¡Levo chumbo derretido no corazón!

O BOTICARIO

¡Qué me dí!

A MORTE

Non se bulre de min señor, polo que lle vou contar. Eu... eu namoreime dunha rapaza máis bonita que os ouros do Perú . Ela ten ollos e... ¡cómo vai cangar cun vello!

O BOTICARIO

¡Quién sabe! ¿Non me dixo vostede que ten diñeiro?

A MORTE

Con diñeiro non se merca o que eu apetezo. Hai galáns novos no mundo, e nós, os vellos, xa non temos engado para namorar mozas.

O BOTICARIO

Hai vellos de vellos.

A MORTE

¡Non! Non señor, non. Tódolos vellos cheiramos a morto. Todos damos noxo.

O BOTICARIO

Pois eu sei dalgunha rapaza que se deixa rular por un vello.

A MORTE

Carne de feira, señor ¡Carne de feira! Tamén eu topéi con lebres corridas e vellos confiados; pero este corazón

*batendo coa man no peito*

pide fianza.

O BOTICARIO

¿Entón, vostede..., quer unha meiciña para trocarse en mozo?

A MORTE

Non pido tanto; pero si vostede quixera compor un feitizo de namorar... ¡Eu pagaríallo, pagaríallo!

O BOTICARIO

Eso dos feitizos sonlle andrómenas meu santo. Sonlle contos vellos. Mentiras que se inventaron no tempo das meigas...

A MORTE

Non disimule, señor. Os boticarios vellos saben de feitizos para reviraren o siso das rapazas. ¿Ou é que vostede xa non sabe lér nos libros antigos?

O BOTICARIO

¡Ai, se o que vostede pensa fose certo! Pero non, meu compañeiro. Os boticarios non facemos miragres.

A MORTE

¿Vostede qué dí? ¿E logo non é certo que os boticarios compoñen feitizos de namorar? ¿I entón xa non hai remedio para a miña doenza? ¿Nin vostede, tan sabido e tan sonado, podería sandar o meu corazón? ¡Non é de creer esta desventura! Eu non podo morrer adoecido habendo boticas.

O BOTICARIO

¡As meiciñas curan as doenzas do corpo; pero as da alma...! Esas cúranse de seu, ou non se curan.

A MORTE

Agarde... As da alma tamén se curan con boticas. ¡Nas boticas pode atoparse a derradeira meiciña para unha mágoa sen remedio! ¡Cando un coitado coma min ten a desventura de namorarse, pode sandar cunha boa meiciña! ¡Pode! ¡Un vello namorado pode acougar coa morte! Eso é: coa morte. Ande señor, teña mágoa de min e déame a derradeira meiciña, para morrer sen doores do corpo. Compóñame un solimán para durmir e non acordar máis. Ande señor, compóñame un resolio de mel, tan doce que poida deixar a vida sen sentir.

O BOTICARIO

Eso non se pode facer.

A MORTE

¿E por qué, señor?

O BOTICARIO

Eso sería un pecado e un delito.

A MORTE

Secomasí eu xa son a morte e non lle pido máis que un bó viaxe.

O BOTICARIO

As boticas son para sandar e non para matar. ¿Entendéu?

A MORTE

O que eu quero é sandar, señor.

O BOTICARIO

Non me pida o que non debo darlle, meu vello. Eu non vendo a miña conciencia.

A MORTE

¡A concencia! ¡Xa se ve que vostede aínda non probóu a door de verse desprezado por unha moza! ¡Xa se ve que vostede aínda non aborrecéu a vida!

O BOTICARIO

Xa lle dixen que non.

A MORTE

Ben está, sí, señor. Voume... voume; pero non se esquenza de que os vellos que se namoran das mozas novas buscan a morte. Non o esquenza, señor boticario. E lémbrese deste vello se algunha vez aborrece a vida...

*A falar consigo mesmo*

¡Vaia unha concencia que teñen os boticarios!

O BOTICARIO

Non podemos ter outra.

A MORTE

Podían, podían, pero...

O BOTICARIO

Nin podemos, nin debemos, nin queremos.

A MORTE

Ben está, si, señor. Voume... Xa me vou... Pero se algún día padecera do meu mal, non faga consigo o mesmo que fixo comigo. Non o faga.

O BOTICARIO

*Para sí*

Este vello está tolo.



*Vaise a Morte e o boticario séntase a cavilar.*

## Escea IV

*Pasan as catro irmáns do boticario por fora do mostrador, unha após da outra, e ao pasar vanlle facendo recomendacións.*

IRMÁN 1<sup>a</sup>

Quédache o café enriba da mesa, ¿eh?

O BOTICARIO

Xa, xa.

IRMÁN 2<sup>a</sup>

Cando cerres non te esquezas de apagares a luz, ¿eh?

O BOTICARIO

Xa, xa.

IRMÁN 3<sup>a</sup>

Non deixes entrar o gato na cociña, ¿eh?

O BOTICARIO

Xa, xa.

IRMÁN 4<sup>a</sup>

Cando veña Ramona dille que imos á novena, ¿eh?

O BOTICARIO

Xa, xa.

*Cando o boticario fica soio baixa o pano para mudar o cadro.*



## Escea V

*Fondo verde e chan verde. Lela e o carabineiro aparecen sentados nun arró, antre dez mulleres, tamén sentadas. Dispóis ven a Morte.*

MULLER 1ª.

*Dirixíndose a Lela*

E logo, ¿cándo vos casades?

LELA

O domingo que ven botamos as primeiras monicións.

MULLER 1ª.

Abofé que dá xenio vervos tan namorados.

MULLER 2ª.

Non é vergonza quererse por ben e para casar.

O CARABINEIRO

Traballo me custóu dar con este contrabando.

*Intenta apreixar a Lela contra de sí*

LELA

Manciñas quedas, ¿eh?

MULLER 2ª.

Non te poñas tan brava, muller. Algo hai que dar por adiantado.

MULLER 3ª.

Boa fachenda ten ela co seu carabineiro. ¡Non o negues Leliña!

LELA

¡Valente cousa!

O CARABINEIRO

Non digas eso, prenda. Un home das miñas feituradas con este traxe tan bonito e con esta cazola na cabeza non é unha cousa calisquera.

MULLER 3ª.

*Sinalando a Lela*

Esta sempre foi moi despreciativa.

MULLER 1ª.

Pois o que é mozos nunca lle faltaron.

LELA

O sí nunca llo din a ningún.

O CARABINEIRO

Eso compría sabelo.

MULLER 1ª.

Lela fixo tolear a moitos; pero en amoríos formales nunca se veu. Abofé que non.

MULLER 2ª.

Sempre tivo a cabeza no seu sitio.

MULLER 3ª.

E nunca dou que decir á xente.

LELA

Non está ben que o diga unha; pero endexamáis me faltaron mozos en quen escoller. E para que o seipades... poden casar cun home principal, acomodado e de carreira.

MULLER 1ª.

Xa sei quen é.

LELA

Non sabes, non.

MULLER 2ª.

Eu sí que o sei.

MULLER 3ª.

E máis eu.

LELA

Non vos matedes en adiviñar.

MULLER 1ª.

A min paréceme que é un home algo vello, que ten catro irmáns solteironas...

TODAS

¡O mesmo! ¡O mesmo!

LELA

¿Quén? ¿Don Saturio? ¡Meu probe! ¿Atreveríase el a falar-me de casamento? ¡E iba eu consentir-lo! ¡Un vello que xa non rexe coas pernas! ¡Valente comenencia me dabades! Non; é outro... outro más

novo. E de por parte bó mozo; pero que non me entrou polos ollos, e velahí.

O CARABINEIRO

Boeno, amiguiñas. A conversa é moi divertida; pero eu teño que deixalas. A carabina chama por min.

LELA

Ímonos logo e deixemos a estas boas pezas a rexoubaren de nós ¡Teñen un alferrón!

MULLER 1ª.

De tí sempre dixemos o que merecías.

MULLER 2ª.

E do teu carabineiro non se diga.

O CARABINEIRO

*Erguéndose*

Boeno. Xa saben, ¿eh? Farruco Rodríguez para servilas.

LELA

*Erguéndose e sacodíndose a saia*

Deica outra vez, queridiñas.

MULLER 1ª.

Ide pola sombra..., e deica outra.

TODAS

Abur, abur, abur.

*Lela e o seu galán márchanse emparellados pola dereita*

MULLER 1ª.

¡Qué ganas de casar teñen algunhas!

MULLER 2ª.

¡Onde foi poñer os ollos esa toliña... !

MULLER 3ª.

Máis lle valera quedarse solteira.

MULLER 1ª.

A Lela xa lle pasou o sol pola porta e o carabineiro salvóuna.

MULLER 2ª.

Forasteiro tiña que ser, porque o que é os homes deiquí non pican en carne sobada. Teñen mellor paladar.

MULLER 3ª.

O conto é que se casa e que se libra de quedar como as irmáns de Don Saturio. Por certo: ¿quén sería ese home de carreira que se quixo casar con ela? ¿Sería Don Saturio?

MULLER 2ª.

Non muller, non. Esa é unha mentira para engaiolar ao carabinerío.

MULLER 1ª.

Non sei que vos diga. Lela iba moito pola botica e Don Saturio quedábase debruzado no mostrador, a comela cos ollos. Eu vinos moitas veces de palique.

MULLER 1ª.



Tolería de vello e precaucións de moza pasada... ¡quén sabe!

*Entra pola esquerda o probe que representa á Morte e sigue camiño por diante das mulleres.*

MULLER 1ª.

Ese probe é un agoiro. Sempre que o vexo morre algún veciño.

MULLER 2ª.

E máis tés razón, a víspera de morrer o meu sogro pasou por diante da nosa casa.

MULLER 3ª.

Non é como os demais probes. Non pide; colle o que lle dan e vaise. E ten cara de poucos amigos.

MULLER 1ª.

*Chamando por el*

— ¡Ei, homiño!

A MORTE

¿Quén me chama?

MULLER 1ª.

Somos nós. Veña acá e perdóenos... Disque vostede adiviña quén vai morrer...

A MORTE

Todos cantos viven están condenados a morte. Eso é todo canto vos pode decir. ¿Tendes algo máis que preguntarme?

MULLER 2ª.

Non lle pareza mal. É que cando aparece vostede sempre morre algún veciño.

MULLER 3ª.

E se a xente dá en decir que vostede é un agoiro poden apedrealo.

A MORTE

¡Qué lle imos facer! Os probes andamos polo mundo espostos a todo.

*A Morte vaise pola dereita e cai o pano para mudar o cadro.*

## Escea VI

*Unha parede branca no fondo. O boticario aparece morto e derrubado nun sofá. Entra o mendicante que representa a Morte.*

A MORTE

*Sacando a careta de mendicante e descubrindo a súa caveira*

Xa estou eiquí.

O BOTICARIO

Chegaches tarde.

A MORTE

Porque xa sabía que non me necesitabas.

O BOTICARIO

¡Hipócrita! ¡Calquera diría que non foches tí...!

A MORTE

*Sentándose nun brazo do sofá, aos pés do boticario.*

Eu dinche un bo consello e tí seguícheloo porque che conviña.

O BOTICARIO

Sería mellor que mo deras antes de namorarme de Lela.

A MORTE

Non te queixes. Aviseite a tempo.

O BOTICARIO

¡Mentira!

A MORTE

Díxenche que os vellos non deben de namorarse e tí non me fixeches caso .

O BOTICARIO

Xa era tarde.

A MORTE

Non sería tarde si tiveras caletre.

O BOTICARIO

¿Por qué non me avisaches a tempo cando non estaba namorado?

A MORTE

Eu non vou a onde non me chaman.

O BOTICARIO

¿Chaméi eu por tí?

A MORTE

Chamaches. Todos chaman por min cando se namoran e perden o xuicio.

O BOTICARIO

Sería mellor que aconsellaras ao carabineiro e non a mín.

A MORTE

Nin así te salvabas.

O BOTICARIO

Lela quería-me.

A MORTE

Xa se ve que aínda non se che arrufiáu o corpo. ¡Lela engañábate, parvo!

O BOTICARIO

Entón fixen ben en matarme.

A MORTE

Fixeches. E non te queixes, porque morreches sen door.

O BOTICARIO

Gracias á miña cencia de boticario

A MORTE

E ao meu consello.

O BOTICARIO

Custa moito deixar a vida, inda que se aborrezza.

A MORTE

Máis che doería morreres dun cólico miserere, poño por caso.

O BOTICARIO

Custóume moito deixar a miñas irmáns.

A MORTE

¡Queríaslle máis a Lela...!

O BOTICARIO

¡Quería!

A MORTE

O pior é que Lela non cho agradece.

O BOTICARIO

Porque non sabe que me matéi por ela.

A MORTE

Aínda que o soupese.

O BOTICARIO

¿Pensas que é tan ruín?

A MORTE

Penso.

O BOTICARIO

¿Entón por qué me matéi?

A MORTE

Por namorarte de vello.

O BOTICARIO

Eu poden namorarme de mozo, pero...

A MORTE

¿Por qué non o fixeches?

O BOTICARIO

Por non abandoar a miñas irmáns.

A MORTE

E, secomasí, abandoáchelas.

O BOTICARIO

Xa son vellas e déixolles a botica.

A MORTE

Sen o boticario

O BOTICARIO

Logo estarán connigo.

A MORTE

Deso coidareime eu. Descoida.

O BOTICARIO

Agradézocho.

A MORTE

A vida dos vellos pouco dura.

O BOTICARIO

E menos cando hai ganas de morrer.

A MORTE

E cando eu dou un consello.

O BOTICARIO

¡Valente favor!

A MORTE

¿Estás pesaroso do que fixeches?

O BOTICARIO

Eu non che podo responder. Pergúntallo á miña alma.

A MORTE

Eu non falo coas almas.

O BOTICARIO

A miña marchóuse cavilosa.

A MORTE

As almas sempre son cavilosas.

O BOTICARIO

A miña ben leda era.

A MORTE

Cando a tiñas dentro do corpo, antes de namorarte.

O BOTICARIO

Foi ela quen se namorou.

A MORTE

¿Estás seguro?

O BOTICARIO

Xa empezo a enfriarme e perdo a memoria de certas cousas.

A MORTE

Axiña ficarás en paz.

O BOTICARIO



¡Que así sexa!

A MORTE

*Erguéndose e póndose a careta de mendicante.*

Déixote que teño moito que facer.

O BOTICARIO

Vaite logo.

A MORTE

Adéus Saturio.

*O corpo do boticario desgónzase en canto a Morte lle chisca o ollo ao despedirse. Unha man do boticario bate nas táboas do piso ao caerlle un brazo fora do sofá.*

*A morte desaparece e cai o pano para mudar o cadro.*

## Escea VII

*Óllase unha parede con dúas fiestras pechadas, máis alá dun valado que impide ver a rúa que se supón máis baixa. Estamos no intre en que se celebra o enterro do boticario, e da rúa xurden marmurios de moita xente. Ábrense as fiestras e aparecen as catro irmáns do boticario, dúas en cada fiestra, a faceren o pranto.*

IRMÁN 1ª.

¡Alá se vai o noso capitán! ¡O capitán do noso navío!

IRMÁN 2ª.

¡Alá se vai o noso letreiro! ¡A gala das nosas romerías!

IRMÁN 3ª.

¡Alá se vai o noso patriarca! ¡O santo das nosas devocións!

IRMÁN 4ª.

¡Alá se vai a nosa fachenda! ¡A meniña dos nosos ollos!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

*Unha banda de música rompe a tocar unha marcha fúnebre e pasan os ciriales e a cruz parroquial sobrepasando o valado.*

IRMÁN 1ª.

¡E levas música, porque morreches solteiro!

IRMÁN 2ª.

¡E levas música, como os anxeliños!

IRMÁN 3ª.

¡E levas música, por que xa estás no ceo!

IRMÁN 4ª.

¡E levas música, porque tamén tí eras músico!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¡Morréu o estudante aventaxado!

IRMAN 2ª.

¡Morréu o bachiller con matrículas de honor!

IRMÁN 3ª.

¡Morréu o licenciado en Farmacia!

IRMÁN 4ª.

¡Morréu Don Saturio, a cencia dos boticarios!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¿Quién che roubó a fala?

IRMÁN 2ª.

¿Quién che paróu o corazón?

IRMÁN 3ª.

¿Quén che zugóu a vida?

IRMÁN 4ª.

¿Qué te matóu, irmanciña querido?

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¡E vaste sen dares unha queixa!

IMRÁN 2ª.

¡E vaste sen pedires médico!

IRMÁN 3ª.

¡E vaste sen dares aviso da túa morte!

IRMÁN 4ª.

¡E vaste sen despedirte de nós!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¡Xa onte non falabas nin rías!

IRMÁN 2ª.

¡Xa onte levabas a terra nos ollos!

IRMÁN 3ª.

¡Xa onte non comeches de medo!

IRMÁN 4ª.

¡Xa onte non tocaches a guitarra!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¡Dille á morte que nos veña buscar, compañeiro dos nosos días!

IRMÁN 2ª.

¡Dille á terra que nos veña comer, almiña de Deus!

IRMÁN 3ª.

¡Lévanos deste mundo, estreliña da nosa noite!

IRMÁN 4ª.

¡Vainos facendo catro sitios á veira do Noso Señor!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

IRMÁN 1ª.

¡Velahí vai a caixa dos nosos corazóns!

IRMÁN 2ª.

¡Velahí vai o noso amor verdadeiro!

IRMÁN 3ª.

¡Velahí vai a nosa vida!

IRMÁN 4ª.

¡Velahí vai a nosa morte!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!

*A música vaixe alonxando. As irmáns do boticario apenas teñen folgos para chorar enrouquecidas.*

IRMÁN 1ª.

¡Adéus para sempre, quentura do noso inverno!

IRMÁN 2ª.

¡Adéus para sempre, puntal da nosa vellez!

IRMÁN 3ª.

¡Adéus para sempre, pan e viño da nosa mesa!

IRMÁN 4ª.

¡ Adéus para sempre, botica dos nosos pesares!

*As catro irmáns do boticario fican esmorecidas no peitoril das fiestras, saloucando as derradeiras verbas da despedida.*

TODAS

*En desorden*

¡ Adéus irmán! ¡Saturio! ¡Saturio! ¡Adéus para sempre! ¡ Irmanciño querido! ¡Adéus! ¡Adéus ... !

*A música xa está lonxe*

*Caio pano*

# Lance Segundo

## Persoaxes

DON RAMÓN

*Vella esponxa, embebida en viño tinto; remate de casta.*

OS PAIS DE DON RAMÓN

*Retratos que viven e falan.*

MICAELA

*Rapaza parafuseira, de touciños duros.*

O PORTUGUÉS

*Malandro cazador de lebres corridas.*

RAPAZ

*Fillo de raposa.*

DÚAS MÁSCARAS

*Choqueiros estrafalarios*

MULLERES

*Dez abrollos de picardía.*

DOUS ESPANTALLOS E UN SAPO

*Misterios da noite orballada.*

Tódolos persoaxes levan careta, menos os retratos dos pais de Don Ramón.





## Escea I



*No fondo hai unha parede. No centro da parede hai unha porta. Aos lados da porta hai dous retratos: o da dereita representa unha fidalga e o da*

*esquerda un fidalgo. Son os pais de Don Ramonciño. As caras dos retratos son de verdade, e falarán cando lles toque a vez. Asoman pola porla os pés de Don Ramón, deitado. Dispois entrará un rapaz. Hai un intre de silencio e de inmovilidade ao erguerse o telón.*

DON RAMÓN

*Sentándose con moito traballo*

Vaites, vaites, Ramonciño, o que é esta noite apañáchela boa!

*Erguéndose, a rosmar, coma se lle doesen as rens.*

¡A condenada rapaza, que me dá sede, e o viño, que me vence, acabarán por queimarme o figado!

*Comeza a pasear, bambeándose, e os ollos dos retratos sígueno, asañados.*

O bico de onte custoume unha leira; pero ou pouco hei poder ou a rapaza será miña! Aínda que me custe todo canto herdéi dos meus pais.

A NAI

¡Borracho!

DON RAMÓN

*Sorprendido*

¿Eh? ¿Qué? ¿Qué falas tí, lorito real?

A NAI

¡Perdulario! ¡Esponxa! ¡ Bulrarte de quen che dou o ser!

DON RAMÓN

¿Deberche o ser? ¡Pois entón, déboche a sede que teño!

A NAI

¡Respétame, descastado, que son a túa nai!

DON RAMÓN

Pois non o pareces, porque eu son máis vello que tí. De modo que a calar, ¿eh? ¡E moito coidadiño connigo!

A NAI

¡Malcriado!

DON RAMÓN

¿E quen che mandóu que me criases tí? Cartos tiñas dabondo para pagares unha ama de cria.

O PAI

¡Non pareces meu fillo!

DON RAMÓN

¿Tamén tí? Pois craro está que non parezo teu fillo, porque máis ben parezo teu pai.

A NAI

¡Dar unha leira por un bico...! ¡Baboso!

O PAI

¡Destragares o que che deixamos en herdo...! ¡E con esas porcas parafuseiras...!

DON RAMÓN

¡Quén chas dera!

O PAI

Eu sempre respetéi o meu señorío. Sempre cumprín a manda dos meus pais fidalgos. ¡Sempre!

DON RAMÓN

¡Mintireiro! ¿Xuras que non perdeches a cabeza por ningunha moza?

O PAI

¡Nunca!

DON RAMÓN

Eso dilo porque estás diante da túa dona, que é moi remilgosa.

A NAI

*Sospira*

Teu pai era un poeta.

DON RAMÓN

¿Poeta? Ja, ja, ja, ¿Poeta porque che facía versos de caramelo?

O PAI

Poeta, sí, e non un borracho.

DON RAMÓN

Pois tes de saber que houbo borrachos que fixeron versos mellores que os teus.

O PAI

¡Descastado! ¡Non pareces meu fillo!

DON RAMÓN

Mira tí, bailarín: xa vai de dúas veces que dís a mesma cousa i estás ofendendo a miña nai...

*Dirixíndose á nai*

¿Tí non escoitas o que dí o teu poeta?

Está decindo que eu non parezo fillo del.

O PAI

¡Canalla!

A NAI

Arriero. Nen parecec fillo del nen fillo meu.

DON RAMÓN

Pois se non son fillo voso deixádeme en paz. E moito coidadiño, ¿eh?, porque senón mándovos ao faiado.

*Axexa pola porta un rapaz que trai un paraguas debaixo do brazo e a gorra encachada até as orellas.*

O RAPAZ

Bos días, Don Ramonciño.

DON RAMÓN

Xa che teño dito que cando te presentes diante de min debes quitar a gorra. ¿Entendiches?

O RAPAZ

*Engruñando os homebreiros*

Ben está, si señor, pero... como está rompida...!

DON RAMÓN

¿E a qué ves?

O RAPAZ

Veño de parte da Micaela...

*Esquecendo o recado*

¡Qué boa moza!

DON RAMÓN

Menos lería, cativo, e acaba de dar o recado.

O RAPAZ

Pois díxome a Micaela que como hoxe é domingo de antroido e a xente anda con contos e marmuracións, que hoxe non apareza pola casa.

DON RAMÓN

Boeno. Xa está. Agora, lisca, lisca lixeiro.

*Cólleo é vaino botando fora*

O RAPAZ

*Volvéndose, ao saír pola porta*

¡Qué sorte ten, Don Ramonciño!

A NAI

¡Qué noxo!

O PAI

¡Qué vergonza!

DON RAMÓN

*Chamando dende a porta*

¡Maripepa! ¡Maripepa-a-a!

UNHA VOZ LONXANA

¡Señor!

DON RAMÓN

¡Anda traime deseguida un xerro de viño tinto!

*Os pais cerran os ollos e Don Ramón páséase pola escea*

*Cai o pano para mudar o cadro*



## Escea II

*Fondo verde e chan verde. Aparecen dez mulleres sentadas nun arró e todas elas escachando en gargalladas. Dúas máscaras (un demo e unha porca) fan a ledicia das mulleres. Dispóis entra Don Ramón.*

O DEMO

*Mallando na porca*

¡Empanada de esterco! ¡Galdrapa esgallada!

A PORCA

¡Ai, ai! ¡Que me matan!

O DEMO

Filla do maroutallo . ¡Zuncurrundullo! ¡Voute amasar a paus!

A PORCA

¡Acodide veciños, que me mata iste home!

O DEMO

¡Vouche retorcer a língoa como un tarabelo! Para que respetes a estas mulleres.

A PORCA

*Parando as pandulladas do demo e ollando a distancia.*

¡Acouga meu doe-doe! ¿Non reparas en quén ven por alí? Velahí ven Don Ramonciño, o amo do pazo, e compre respetalo.

*Entra Don Ramón, bambeándose. As mulleres rín e as máscaras reciben con cortesías.*

O DEMO

Boas tardes meu amo.

A PORCA

Boas tardes, Don Ramonciño.

O DEMO

E logo, Don Ramón. ¿A ónde vai o meu almirante a estas horas e con tanta tormenta?

DON RAMÓN

Vou a onde me peta.

A PORCA

*Dirixíndose ao demo*

Déixao ir, home, que vai ben acompañado... Vai ver á miña comadre, ¿sabes tí? Vai ver á filla do antroido, a marquesa das filloas.

*As mulleres rín a cachón*

DON RAMÓN

Hai que ter crianza ¿eh? Que non todos somos uns.

O DEMO

*Dirixíndose á porca*

¿Ves tí, porca das ánimas? ¿Quén che mandou descubrires a Don Ramonciño? El vai a onde lle peta, que por algo nasceu fidalgo e ten señorío.

A PORCA

Fixen mal en decir que vai ao sarao da marquesa.

*As mulleres rínse moito*

DON RAMÓN

Falade con tento e non lle roubedes o creto a ningunha muller de ben.

*As mulleres ceiban risadas e toses finxidas*

O DEMO

¿Ves tí? Xa se enoxou o meu amo, e con moita razón. ¿Coidas que Don Ramonciño é parvo ou qué? El sabe ben por ónde vai e a ónde vai...

A PORCA

¡A cas da miña comadre está lonxe e teño medo que Don Ramonciño dea un traspés e cisque o diñeiro na lama!

O DEMO

¡Non teñas medo; Don Ramonciño vai ben alumeado, e hoxe leva unha chispa...!

*As mulleres ceiban novas gargalladas*

DON RAMÓN

¡Vaia unha bromas de antroido! E moito coidadiño comigo ¿eh? Porque cando me poño teso... arrímanse os cans ás paredes.

A PORCA

Sí señor sí. A este hai que baixarlle as orellas.

*Dirixíndose ao demo*

¡Quén che mandou moverlle a pacencia a Don Ramonciño! ¿Non sabes tí que é o galo do mundo?

O DEMO

Don Ramonciño é un galo vello, un barbouzán, e góstanlle as galiñas novas... Don Ramón é, máis que un galo, un raposo, e cando entra nun galiñeiro... Ja, ja, ja.

DON RAMÓN

Tan raposo como calquera.

O DEMO

Tamén a min me gustan as galiñas novas...

A PORCA

¿Tamén a tí che gustan as pitas? ¡Mal home! ¡Lobo carniceiro!  
¡¡Adúltero!!

O DEMO

¡Vas levar un couce, abofé!

*O demo e maila porca, agárranse a Don Ramón, e dan dúas voltas con el,  
como perseguíndose, e Don Ramón fica mareado.*

DON RAMON

*Sen folgos pra falar*

¿Quén pensades que son eu? ¿Un monifate? Eu son Don Ramón o amo do pazo, e vos sodes uns calquera.

A PORCA

Sí, señor, sí.

O DEMO

Ten moita razón o meu amo.

DON RAMÓN

Aínda hai castes, ¿eh? E quen vos paréu que vos lamba.

O DEMO

Perdoe, Don Ramonciño. E agora ande, señor, que pode chegar tarde ao sarao. Pero teña coidado que non lle fagan unha trampallada. Mire ben ónde pon os pes, que ao mellor...

A PORCA

¿Ao mellor qué? A miña comadre non é ningunha trampalleira. Ela é unha muller de ben. ¡Moi honrada por certo! E senón que llo pregunten ao portugués...

*As mulleres reloucan de risa*

DON RAMÓN

Abonda de leria. ¡Abonda! ¡E voume, porque senón...!

O DEMO

Divírtase ben, meu amo. E déalle moitas memorias á marquesa das filloas.

A PORCA

As memorias non enchen. ¡Déalle cartiños, cartiños...! ¿si?, ¡meu caravel de ouro! Dálle leiras e piñeirales...

DON RAMÓN

*Zafándose das máscaras*

¡Qué xente! ¡Qué xente!

*Cai o pano para mudar o cadro*

## Escea III

*Un apartamento cunha fiestra lateral. En primeiro termo unha cortina. Falan Micaela e o portugués. Dispóis aparece Don Ramón.*

MICAELA

Don Ramón anda toliño por min, e pouco a pouco irá caendo todo canto ten nas miñas mans.

O PORTUGUÉS

E nas miñas. Non esquezas o trato.

MICAELA

O noso trato é casar dispóis.

*Escoitando*

Parece que abriron a cancela... ¿Será Don Ramón?

O PORTUGUÉS

Será o rapaz.

MICAELA

Déixame axexar pola fiestra.

*Vai mirar e vólvese alarmada*

Ai, ¡nunca Deus me dera! Anda, condenado; agáchate detrás da cortina que velahí ven Don Ramón.

O PORTUGUÉS

*Poñéndose diante da cortina*

A ver si acabas dunha vez e o chimpas fora deseguida.

MICAELA

Mira que o vello pode facer a nosa felicidade. Déixame a min e ten pacencia, corazón.

*Micaela séntase á veira da fiestra e axiña asoma por alí a figura de Don Ramón.*

DON RAMÓN

¿Podo entrar, Micaeliña?

MICAELA

Vostede tolea, Don Ramonciño. ¡Xa ando na boca das xentes pola súa culpa e aínda me quer perder máis! ¿Non lle mandéi decir que non viñese hoxe?

DON RAMÓN

Non podo deixar de verte.

MICAELA

Pois o que é hoxe ben se podía quedar no pazo e non vir a comprometerme, que unha é moza solteira e a conducta logo se perde.

DON RAMÓN

Se a perdes por min estou disposto a pagala. ¿Qués todo canto teño por ela? Non che podo ofrecer máis.

MICAELA

Aínda que son probe non me vendo por canto hai no mundo.

DON RAMÓN

¡Quén sabe! Por moito menos, e si cadra por nada, pode levarte calisquera gandulo.

MICAELA

A min no me importan os homes. ¡Que os leve a todos xuntos o demo!  
¡Que os coma un carrizo!

DON RAMÓN

¿Tamén qués que me leve a min o demo? Pois non pases coidados, Micaela, que non tardará en levarme se sigues despreciándome.

MICAELA

Eu non o desprecio, Don Ramonciño, porque vostede non é coma os demais. ¡Boa proba lle dín onte! ¡boa proba lle dín!

DON RAMÓN

Total un bico.

MICAELA

Pois por algo se empeza, que xa estóu ben arrepentida do que fixen. ¡Ai, eso sí!

DON RAMÓN

Pois hoxe veño por outro.

MICAELA

¿De día? ¡Ai, qué vergonza!

*Tapándose a cara, e logo, descubríndoa*

¿Vostede pensa que eu son unha calquera, Don Ramonciño?

DON RAMÓN



Se me das outro bico regáloche outra leira.

MICAELA

Nunca lle dín un bico a ningún home. ¡Abofé que vostede levóu o primeiro...!, pero eu teño medo, ¿sabe? Teño medo de perder o sentido e que dispóis vostede... que é un raposo... porque unha tamén é de carne e ten corazón, ¿sabe?

DON RAMÓN

¿E qué? Tí non perderías nada conmigo.

MICAELA

Agora non llo dou. Agora non. Teño moita vergonza.

DON RAMÓN

¿E logo...? ¿Cándo...? ¿Cándo mo vas dar?

MICAELA

Esta noite, á saída do baile.

DON RAMÓN

¿Pero tí vas ir ao baile? ¡E bailarás co portugués!

MICAELA

Non lle dea pena, que o portugués é un mozo como outro calquera e os homes a mín... Boeno, non madura esta pera para ningún melro. Son divertida, pero teño cabeza.

DON RAMÓN

¿E ónde te vexo esta noite? ¿Déixasme entrar na casa?

MICAELA

Non corra tanto, Don Ramonciño. Vostede agarda por min ao pe da cancela, cando remate o baile.

DON RAMÓN

¡Cánto che quero, Micaeliña!

MICAELA

E non se esqueza do ofrecido, porque unha é probe de todo e non quixera andar a pedir cando chegue a vellez.

DON RAMÓN

¡Quién sabe se todo canto teño será para tí!

MICAELA

Agora váiase, sí, Don Ramonciño, que hoxe é domingo de antroido e pode velo a xente e dispóis todas son faladurías.

DON RAMÓN

Sí, muller, sí, a xente deiquí é moi ruín. Xa me vou, e deica a noite, Micaeliña.

MICAELA

Vaia con coidadiño e xa sabe no que quedamos.

DON RAMÓN

Adéus logo.

MICAELA

Adéus, ¿sí?

*Vaise Don Ramón, e Micaela queda un bocadiño na fiestra. O portugués sae da cortina.*

MICAELA

*Volvéndose cara o seu amante*

Non te queixarás de min.

O PORTUGUÉS

O que é a ese vello pódelle arramplar con todo canto ten, e dispóis nós... Ja, ja, ja. ¡Non traballas mal, non, abofé!

MICAELA

Todo esto fágoo por tí, ¡ladrón!

O PORTUGUÉS

Cada bico unha leira... ¡Non está mal! Pois o qué é polos que me deches a min pódelle pedir o pazo.

MICAELA

*Abrazándoo*

¡Meu lacazán!

O PORTUGUÉS

*Abrazado a Micaela*

¡Meu repoliño!

*Cantando*

O celme que andas buscando,  
ai, está no meu corazón.  
Eu son como os chuchameles,  
ai, ti es o meu abellón.

O vira i o vira  
vamos a bailar

62 Os vellos non deben de namorarse

o vira i o vira  
que vamos casar.

*O pano cai a modo, para mudar o cadro*

## Escea IV

*O fondo é negro, cunha fiestra acesa. O chan é verdinegro, esvaéndose na negrume do fondo. Aparecen dous espantallos a carón do fondo. Entra Don Ramón dando bandazos; dispóis un sapo e, derradeiramente, os espantallos érguense e veñen cara diante.*

DON RAMÓN

*Con lingua trabada*

Eu son un vello ladroeiro... un rachador... Ja, ja, ja. Boeno, un pirata... un pirata que non se ten de pé. Estas condenadas pernas non me rexen.

*Falando consigo mesmo*

Ei, Ramonciño: ¡Tente! ¡Tente, pirata!

*Detrás da fiestra érguense gargalladas e retesías*

DON RAMÓN

¡Ai, se fose mozo...! Se fose mozo xa estaba entrando nese baile, para quencer a paus... ¡A paus con todos!, porque para desfacer bailes, o Ramonciño...

*Comenza a decir cousas que non se entenden, coma si tivese papas na boca, e bambéase moito a pique de se caír.*

¡Estas condenadas pernas! ¡Agar... agarda, Micaela, que xa vou! ¡Agarda miña prenda! ¡Agarda que non atino...! ¡Acouga mundo, acouga! ¡Acouga, que me mareas! ¡Xo! ¡Xooo!

*Cada vez fala máis trabado de língoa e nun bambeo cáise ao chan e quer abranguer o mundo.*

Mundo ponte quedo... Non deas tantas voltas condenado. Déixame erguer... Alá na cancela... Micaeliña... Xa vou...

*Entra un sapo e achégase a Don Ramón*

O SAPO

Non podes meu vello. Non podes.

DON RAMÓN

*Revolvéndose*

¿Quén? ¿Quén fala ahí?

O SAPO

Vas morrer cos zocos postos, meu vello. Acabóuseche a corda.

*Don Ramón, canso de bulir, cai vencido de costas polo esforzo e fica esterricado. O sapo séntase enriba del.*

O SAPO

Xa non alentas e xa tes a ialma na gorxa. Anda home, anda. Anda, ceiba dunha vez o folgo.

*Ponse axexar na boca de Don Ramón*

¿Qués que te axude?

*Estrúchalle a caixa do peito*

A ver que alma botas. Anda, home, fai un esforzo, que logo quedas en paz. Non sexas nugallán para morrer. Un esforciño e xa está. Deixa sair o que tes na gorxa. Non teñas medo, que a luciña da ialma non queima. Xa verás como é fría. Anda, que despois do pasamento xa non sintes nin padeces. Abre a boca. ¡Así! Anda, que xa vai sair. Alenta un pouquiño e xa está. Anda, arregala os ollos. ¡Así... así... agora...!, xa está.

*Da boca de Don Ramón, sae unha luceciña que fuxe polo chan.*

## O SAPO

¡Ai, qué luciña...!, ¡ai, qué luciña...!

*Dando pulos de ledicia váise da escea, seguindo a luciña.*

*Neste intre comenza detrás da fiestra unha muiñeira de pandeiros, cantada por mozas e mozos. Os espantallos érguense como xigantes, adíantanse a onde está Don Ramón morto e bailan a muiñeira ao redor del.*

## MUIÑEIRA DE PANDEIROS

Este pandeiro que toco  
ten o pelexo enrugado,  
que llo saquéi a un castrón  
que andaba no meu tellado.

Este pandeiro que toco  
ten o pelexo gastado,  
de tanto dalle que dalle,  
de tanto repenicalo.

Este pandeiro que toco  
ten o pelexo virado,  
cando se toca con xeito  
bailan os demos no adro.

*Cai o pano*

# Lance Terceiro



## Persoaxes

PIMPINELA

*Rapaza bonita que tolea cos panos de coores.*

A NAI

*Vella lagarteira, que non se avén coa probeza.*

O PAI

*Velloucán con cara de testigo falso.*

O MOZO

*Rapaz novo, na idade de sentirse galo do mundo.*

O VELLO

*Carcamán namorado, no seu derradeiro esforzo.*

MULLERES

*Dez almas chuchadas pola marmuración.*

A MORTE

*Figuración do máis poderoso señor do mundo.*

CORO

*Rapaces e rapazas que saben cantar.*

Tódolos rapaces levan careta , menos os rapaces e rapazas do coro.



|

## Escea I



*Fondo negro e chan negro. Aparece Pimpinela sentada, coa nai á súa dereita e o pai á súa esquerda.*

A NAI

¡Anda, Pimpinela! Anda miña variña de abelao.

PIMPINELA

¡Non!

A NAI

¿Non reparas na que che espera se te casas con ese cuspe? Vivires nunha terroeira como ésta, andares coma min. Chegares do traballo feita un esterco, sen roupa que mudar, sen frescuriña para botares no xergón de casulo...

*O pai tuse para impór respeto*

PIMPINELA

¡Non!

A NAI

¡Ai, meu caravel de cera! ¡Ai, cómo te deixaches rular por un pito cairo! Ai de tí, se non te coutas! Andarás sempre co corazón enloitado, sen pan no forno, sen lume na lareira, sen estrume na corte. Mirrada de frío e chuchada de fame.

O PAI

¡Faille caso a túa nai, Pimpinela!

PIMPINELA

¡Non!

A NAI

Esvaeranse as coores que che pintou Noso Señor a man tenta. Deixarás de ser mazán e cereixa. Trocaraste nun figo merado. Coberta de

remendos, torrada pola raxeira, a fuxires dos espellos para non verte. En troques...

O PAI

En troques, se lle pós cara ao Señor Fuco...

PIMPINELA

¡¡Non!!

A NAI

¡Tí qué dís, toliña! ¿Quién te cegóu para non veres a regalía do mundo?  
¿Quién che botóu terra nos ollos? ¡Desperta!

PIMPINELA

¡Non!

O PAI

¿Qué ser un baldreu coma moitas?

A NAI

¡Quérenche poñer brincos de ouro e tí qué piollos de miseria! ¡  
Quérenche dar onzas recortadas e tí prefires lixos do ar! ¡Ai, miña flor  
da gala, abre os ollos! ¡Xa quixeran as fillas dos máis principais!

O PAI

¡Xa quixeran elas!

PIMPINELA

¡Non!

A NAI

Terías unha casa de vinte fiestras e unha solaina; terías criadas e criados ao teu servizo; terías fartura de pan, de viño e de todo canto pode dar a terra.

O PAI

Dúas xuntas de bois e sete vacas.

A NAI

Arderían carballos enteiros para que a túa parrumeira botase fume e o señor Fuco cegaríase coa túa fermosura.

O PAI

E todos sairíamos desta probeza.

A NAI

Arcas acuguladas de lenzo, almarios cheos de roupa, e tí a rir sempre coma se foses unha fidalga. ¡Anda meu luceiro!

O PAI

¡E qué diaño! O señor Fuco é un vello e cando lle chegue a súa hora, xa verás tí como chaman na túa porta os mellores mozos da parroquia.

A NAI

O señor Fuco é un home de ben e anda ceguiño por tí. ¡E valo despreciar, meu corazón!

*O pai volve a tusir para impór respeto*

A NAI

¿Serás quén de desbotares o consello dos teus pais? ¡Unha filla tan boa coma tí...! ¡Deixa ese mozo, Pimpinela!

PIMPINELA

¡Non!

O PAI

¡Xa o creio que o pensarás!

A NAI

Compara, miña filla, e cavila no que che espera con un e con outro.  
Dunha banda, o rir, e da outra, o chorar.

O PAI

O día e a noite. O pan e a fame. ¡Escolle!

*Vaise a nai por un lado e o pai polo outro. Pimpinela fica sentada.*

## Escea II

*Entra o mozo pola esquerda*

O MOZO

¿E logo, Pimpinela?

*Pimpinela, non responde*

O MOZO

¿Sei que che cortaron a língua?

PIMPINELA

¡Non!

O MOZO

¿Por qué non me falas coma decote?

*Pimpinela engruña os homeiros*

O MOZO

Andas na boca do mundo. ¿Será certo que che queren facer o casamento co señor Fuco?

*Pimpinela dí que sí coa cabeza*

O MOZO

Pero tí non podes cangar cun vellouqueiro, porque tes a ialma espiñada por un mozo. Tamén o mozo anda toliño, a contar estrelas polo teu amor.

*Pausa*



Tráioche un pano con dous corazóns atravesados, que son os nosos...  
É moi bonito.

*Pimpinela colle o pano sen miralo e gárdao no seo (é un pano do nariz).*

O MOZO

¿Lémbreste cando me deches o sí? Foi o día de San Xohán. Arrecendías a malvas e a rosa, e a mazás do Paraíso.

PIMPINELA

Arrecendería...

O MOZO

Tí tremías i eu tremía. E dende entón xa non houbo máis mozas pra mín, nin máis mozos pra tí.

*Pimpinela cala. Hai un silencio*

O MOZO

¡Dime que me qués, Pimpinela!

*Pimpinela non responde*

O MOZO

¿Non mo qués decir?

PIMPINELA

¡Non!

O MOZO

¿Pero, quésme? ¿Non sí?

*Pimpinela ergue os ombreiros en sinal de dúbida*

O MOZO

¡Se fose rico habíame querer máis!

PIMPINELA

Non tiña por qué quererche menos.

O MOZO

*Enfurrñado*

Eu teño a probeza dun mozo que pode chegar a rico e o señor Fuco é un vello con vermes no diñeiro. ¡Despréciasme por probe, por ser igoal a tí! ¡Está ben! Pois...

Se por probe me desprecias  
eu non me asaño por eso.  
Na feira todo se vende,  
cada cosa no seu precio.

PIMPINELA

Fala con tento.

O MOZO

¿Entón non é certo que te queren vender ao señor Fuco? ¿Non é certo que te queren casar con el?

PIMPINELA

Casar non é pecado.

O MOZO

¿E a palabra que me deches?

PIMPINELA

As verbas de amor non son sacramentos.

O MOZO

Pois... que ben che presten os cartos do señor Fuco. ¡ Acabóuse todo  
antre nós...! ¡ Voume...! Mulleres coma tí hainas a moreas.

*O mozo vaise por onde entróu; pero antes de saír virase para darlle á moza  
unha derradeira despedida.*

O MOZO

Dalle memorias ao señor Fuco, e cando te cases con el ráñalle o lombo  
cun carozo...

*Pimpinela fica sentada. Saca do seo o pano que lle acaba de dar o mozo,  
óllao ben e volve a gardalo.*

## Escea III

*Entra o vello pola dereita. O vello trai un embrullo debaixo do brazo.*

O VELLO

Boas noites, Pimpinela.

PIMPINELA

Boas noites, señor Fuco.

O VELLO

Veño da vila, ¿sabes?, e lembreime de tí. Tráioche un regaliño do teu paladar. Cativeces en comparanza co que che daría se quixeses.

PIMPINELA

Moitas gracias, señor Fuco; pero eu non me vendo.

O VELLO

Ai, rapaza: eu son moi probe para mercar a túa bonitura, porque non hai diñeiro dabondo no mundo para pagar o que tí vales. Eu tráioche cativeces, o que sei que che gusta; pero sen ánimo de magoarte. Como se fose o teu padriño...

PIMPINELA

Se non é con intención...

O VELLO

A intención de verte bonita, de que sexas a fror das romerías. Xa verás o que che traio...

*Abre o paquete e saca un pano*

¿Góstache, Pimpinela?

*Saca outro*

Este tamén che cai ben.

*Saca outro*

¡Pois o que é éste!

*Saca outro*

Outro máis para que teñas en qué escoller.

*Saca un corte de seda*

Tamén quero que fagas unha chombra e como non sei o teu gosto...

*Vai sacando cortes de seda en diferentes coores*

Veleiquí tes en qué escoller... para que te luzas o día da festa. Para que sexas a moza mellor vestida da parroquia. Son cativeces...

PIMPINELA

É de máis señor Fuco.

O VELLO

Pois se quixeras encher de ledicia os poucos días que me quedan e te aviñeras a cerrarme os ollos, na hora do meu pasamento, todo canto teño sería para tí.

PIMPINELA

Aínda son nova para casar.

O VELLO

I eu son vello de máis; pero estou namorado e teño azos para facerte feliz, a tí e máis aos teus pais.

PIMPINELA

¿E se son desgraciada?

O VELLO

Se tes a ialma limpa e o corazón ceibe non probarás desventuras na miña casa. Eso non. Alí serás servida e folgada, en todo canto apetezas. E dispóis... Cando eu morra inda che quedarán anos dabondo para disfroutares do que che deixe, que non é un conto. ¡Son tan vello e tan rico!

PIMPINELA

¿E o que digan de mín as xentes?

O VELLO

Envexas, miña rula. Envexas de verte gardada do sol e do sieiro e da choiva. Envexas de verte libre de traballos.

PIMPINELA

Miña nai tamén quer.

O VELLO

¿E pois logo qués ser a miña dona?

*Pimpinela dí que sí coa cabeza. Toda ela coberta de coores.*

*Cai o pano pra mudar o cadro*

## Escea IV

Fondo verde e chan verde. Dez mulleres con caras de asombro. O vello, afincado nun pau, fala coas mulleres.

MULLER 1ª.

Pois desque te casaches con Pimpinela andas feito un mozo.

MULLER 2ª.

Coma se che sacaran vinte anos do lombo.

O VELLO

Pareceréi un mozo porque son feliz; pero non tardaredes en ir detrás da miña caixa.

MULLER 3ª.

Aínda estás para lebares a moitos por diante.

O VELLO

A morte anda connigo dende fai algúns días

MULLER 1ª.

Esas son figuracións.

MULLER 2ª.

O medo de deixares a Pimpinela.

O VELLO

Medo, non: tristura, ¿sabendes? Porque a miña vida cóntase por días ou cicáis por horas. Eu ben quixera ter folgos dous aniños máis; pero non tardaréi en comer terra. Avisóume a Morte, ¿sabendes? Ela mesma.

MULLER 3ª.

¡Asús!

MULLER 1ª.

Non digas eso .

O VELLO

Viña eu da vila, montado no meu cabalo, e ao pasar polo monte do Candán...

MULLER 2ª.

Ai, home

*As mulleres xúntanse e tremen*

O VELLO

Era de noite e na lagoa do crego espellaba o luar. De súpeto alvisquéi a un home grandísimo, que viña cara min, alcando por riba da lagoa, sen chiscar a iauga.

MULLER 3ª.

Ai, home.

O VELLO

O fantasma púxose a camiñar á miña veira. Levaba un chapeu de azas caídas. Eu... estiven para zorregarlle un pau; pero coutoume o medo. E cando íamos baixando a costa pergunteille: «¿Qué qués de min?». O fantasma siguéu camiñando sen chistar... Voltéi a decirlle: «Se és unha ialma en pena dime o que pode facer para salvarte». Tampouco me respondéu.

MULLER 1ª.

¿E non sería algún mozo da parroquia?



O VELLO

Non, muller, non... Cando chegamos cabo da eirexa olléi un corvo e máis unha pomba, e aquilo non me gostou. Entón o pantasma mirou para min e a lúa bateulle na cara. ¡Éravos a Morte! E faloume desta maneira: «Eu son o que che vai poñer o sangue frío coma unha pedra, esa pomba é a túa vida e o corvo teu namoramento serodio. Prepárate, porque un día destes iréi buscarte!»

TODAS

*Con arrequizos e persinándose*

¡Asús!, ¡asús!

MULLER 2ª.

*Con voz tremante*

¿E non traerías algún viño de máis no corpo?

O VELLO

Estaba tan espelido coma agora; pero aínda voltéi a recibir outro avisos, ¿sabendes?

MULLER 3ª.

Non fagas caso, home... Poden ser figuracións.

O VELLO

Onte á noite, cando ía deitarme, batín cun corpo na escuridade e ao alcender un misto olleime a min mesmo, a rir, coma se me mirase nun espello. E dispóis, cando quixen pechar a fiestra, aparecéuseme unha man de difunto apegada nos vidros.

TODAS

¡Asús! ¡Asús!

*Baixa o pano para mudar o cadro*

## Escea V

*Ó ángulo dun dormitorio. Unha cama, e na cabeceira, unha fiestra pechada. Unha candea acesa enriba da mesa de noite. O vello está despíndose. Despóis a Morte, e no remate Pimpinela. Ao lonxe canta un Mozo:*

¡Ela casóuse cun vello  
non sei qué estaba pensando!  
O vello, funga que funga,  
toda a noite está fungando.

Dime casadiña nova  
cómo che vai de casada ,  
o teu home está moi vello,  
non che serve para nada.

Anque te vexo casada,  
eu non che perdo o cariño,  
que vas a quedar viuda  
e podo casar contigo.

O VELLO

¡Roncar e fungar! Sofrir, digo eu.

*O vello rosma cousas que non se entenden. Sigue despíndose e, cando se queda en camisa e vai sacar os pantalóns, sopla a candea e o teatro queda ás escuras.*

*Aprovéitase a escuridade para meter no leito un moneco, idéntico ao vello, e cunha careta igoal á que el leva posta: o vello agáchase.*

*O mozo volve a cantar dende lonxe*

Dime casadiña nova,  
cómo che vai de casada.

— O meu home está moi vello,  
non me sirve para nada.

*Ábrese a fiestra, pouco a pouco, coma se a empurrasen dende fora, e o luar  
vai entrando no dormitorio, caendo enriba da cama. Aluméase a escea.*

*Aparece o moneco, a durmir, coma se fose o señor Fuco. Na fiestra asómase a  
Morte, a ollar o moneco, abalando as manxadoiras. O vello, que se agachou,  
pega un pulo e ponse enriba do moneco. Bótalle as mans á gorxa e forcexea  
para afogalo. O autor que represente ao vello imitará os estertores da morte,  
que proveñen do moneco.*

*O mozo canta por terceira vez*

Anque me vexas casada,  
non me perdas o cariño,  
que podó quedar viuda,  
e máis casarme contigo.

*Cando morra o moneco desaparecerá a Morte que axexaba na fiestra. O  
vello adicarase entón a compor un cadro medoñento. O seu traballo  
acompañarase de risas estranas.*

*O vello desfai o leito; guinda co moneco no chan; volve a deitalo na cama,  
coa cabeza pendurada e unha perna erguida sobor dos cabezales. O vello rise  
cada vez máis, amañando este cadro arrepiante.*

*Cando o vello remata o seu traballo, vírase cara o público e sácase a careta  
que leva posta, guindando con ela. Entón aparecerá demudado de Morte,  
véndoselle a caveira que tiña debaixo da careta de vello. Fuxe dispóis pola  
esquerda, por diante do telón negro que cerra o cadro desta escea.*

*Entra Pimpinela pola dereita, toda cuberta de panos rameados, e cunha  
candea na man. Vai a deitarse.*

PIMPINELA

*Ao ver o cadro*

¡¡¡Aaaai!!!

*Baixa o pano para mudar o quadro*

## Escea VI

*O fondo é un gran lenzo con moitas figuras pintadas. As caras das figuras son de verdade. Aparece Pimpinela vestida de loito e sentada. Enfocarase con moita luz a figura de Pimpinela, de xeito que o público non vexa o telón de fondo.*

PIMPINELA

*Retorcéndose as mans*

¡Tantos panos rameados, tantas chambras de seda, tantas cintas do pelo como teño! ¡Tantas huchas de roupa fina que non puxen! ¡Tantos almarios de holanda en follá! ¡Todo gardado con chaves! ¡Todo! ¡Os anxeios da miña mocidade dentro do peito! ¡O meu corazón agrilloado!

*Pausa*

Non abondou con ser a súa muller! ¡Pasar noxos e fasquíás á súa veira...! ¡Permitir que as súas mans tocasen a miña carne...! ¡Chorar por el cando se foi para sempre! ¡Non; aínda teño que ser a viuda dun vello!

*Pausa*

¡E así un ano cos ollos no chan, vestida de doorosa! ¡Enloitada por un home que nunca quixen! ¡Enloitada como os corvos do monte! ¡Como os corvos!

*Pausa*

¡Ai, quién me dera locir os meus panos bonitos! ¡Entrar nas romerías vestida de maio, coberta de frores! ¡Amostrar as miñas alas! ¡E ser solteira outra vez!

*Pausa*

¡Ai, quién me dera falar co mozo que levo no corazón!

*Pausa longa*

¡Míralo tan siquera!

*Pimpinela saca do seo o pano que o mozo lle regalara e fálalle con voz chorosa.*

¡Paniño cativo que tes catro puntas para magoarme! ¡Paniño branco que aínda non foches ao río! ¡Paniño que durmes sempre na lentura do meu seo! ¡Dille ao meu amor que teño soedades! ¡Dille que quero mirarme nos seus ollos! Dille que non baile nen cante, porque estou de loito...

*Rompe a chorar e tápase co pano*

*Nesto alcéndense as luces todas do esceario e rompen a cantar as figuras pintadas no telón de fondo, asomando caras de verdade polos ocos do lenzo:*

CORO

Aquel amor que che tiña  
era unha fror e murchouse,  
i agora, Pimpineliña  
o meu amor acabóuse.

Tes chambras de raso, panos e refaixos,  
tes medias de seda, tes zapatos baixos;  
pero xa non tes o que tanto valía,  
a mirada limpa que eu tanto quería.

Dispóis do que me fixeches  
xa non che teño afición,  
cantan outros paxariños  
dentro do meu corazón.

Tes chambras de raso, panos e refaixos,  
tes medias de seda, tes zapatos baixos;  
pero xa non tes o que tanto valía,  
a mirada limpa que eu tanto quería.

*Cai o pano*



# Epílogo

# Escea única

*PERSOAXES*

SEÑOR FUCO

BOTICARIO

DON RAMÓN

*No ceo da noite brila unha gran lúa chea. Os esqueletes de Don Ramón e o Boticario latrican sentados no valado do cemeterio. Entra en escea o esquelete do señor Fuco, que ven coxeando.*

SEÑOR FUCO

¡Boas noites!

BOTICARIO

*Con énfasis*

¡Saluten pluriman!

DON RAMÓN

*Con sorna*

¡Liberté, Fraternité, Egalité!

SEÑOR FUCO

Deixádevos de panxoliñas, porque o que é hoxe ides facer lume cos osos en canto vos conte o que sei. Aínda que fósedes de barro, como bois de Belén, ides arder de carraxe.

BOTICARIO

E logo, Fuco, ¿qué acontece? Tí ves coxeando...

DON RAMÓN

Abofé que xa non pareces un Xan de debaixo da cama.

SEÑOR FUCO

¡Non abundaba con que o enterrador me roubase os borceguíns, que eran noviños do trinque! Ese fillo de mala besta meteume un difunto no nicho. Esmagándome, ¿sabendes? ¡Na miña vida vin home máis animal! Deixóu cair a caixa do difunto enriba de min e parteume un oso da perna dereita.

DON RAMÓN

¡Probe Fuco!

*Ceiba unha gargallada*

BOTICARIO

¿E quen é o difunto?, porque supoño que será da túa familia.

DON RAMÓN

*Que aínda lle dura a risa*

Será Pimpinela, que non podía vivir sen tí e ven facerche compañía...

SEÑOR FUCO

¡Pimpinela! ¡Pimpinela! ¡Sabede que se casóu con aquel rapaz que a rondaba —un lacazán!— e que agora os dous durmen e folgan, e fan o pescozo e o ventre gordos á miña conta. ¡Cos meus bens! E polo visto xa venderon o pinal da Bouza e os lameiros do Canabal. ¡Larcháns! ¡Destragadores! Dígovos que hoxe estou como para facer chatolas cos dentes.

BOTICARIO

¿E quen che contou semellantes contos? ¿Foi o difunto que che meteron no nicho?

SEÑOR FUCO

¡Foi! É a miña sogra.

DON RAMÓN

*Escachando coa risa*

¡Esmagouno a sogra...! ¡Parteulle unha perna...! Ja, ja, ja.

SEÑOR FUCO

A probe dí que morréu dun aire de felesía; pero debéu morrer de flato, porque cheira que fede.

DON RAMÓN

Ja, ja, ja. Vas ter cheiro para un ano e cheiro de sogra...

SEÑOR FUCO

Non te rías tanto Ramonciño, que vas chorar. A probe fala con moito traballo porque xa ten a língoa podre; pero así e todo contoume algunhas cousas e tamén trouxo novidades para vós.

DON RAMÓN

Conta, conta.

SEÑOR FUCO

Velahí vai... Escoita tí primeiro, Ramonciño, porque vas arder... e non de risa... Como a Xusticia topou no peto da túa chaqueta un escrito, no que lle pasabas á Micaela unha finca das mellores, e todos sabían que xa lle tiñas pasado outras, agora ela dí que vivía en pecado mortal contigo.

DON RAMÓN

¡Eso non é certo!

SEÑOR FUCO

A miña sogra nunca minteu de ningunha cousa que dixese; pero de que tí non pasaches de trocar leiras por bicos... eso sábeno as pedras. O certo é que a Micaela vivía co portugués, pero agora di que vivía contigo, e coma tí foches un papaleisón, un panarra...

DON RAMÓN

Non fagas menos de min. ¡Paifoco! E fálame co respecto debido.

SEÑOR FUCO

Agora somos todos uns.

*Con sorna*

¡Liberté, Fraternité, Egalité...! Pero escoita, Ramonciño, que agora ven o mellor... A Micaela ten un fillo, ¿sabes?

DON RAMÓN

¡Un fillo!

SEÑOR FUCO

E como lle nascéu a pouco de morreres tí, pois... buscóu un abogado de sona e armóu contenda sobor dos teus bens, porque xura que o fillo é teu, e non lle faltan probas de que tí andabas en amoríos con ela. ¿Tiña ou non tiña razón de que ibas arder de carraxe?

DON RAMÓN

¡Ah, galdrumeira! Se algún día ven a este cimiterio vou mallar nela como mallóu Sant-Iago nos mouros. ¡Malia o día que puxen os ollos en semellante baldreu! ¡Panarra de min! ¡Papaleisón! ¡E vanse quedar cos meus bens e co meu señorío! E como se vai rir de min o portugués.

SEÑOR FUCO

A Micaela non é parva, non. Chimpóu ao portugués fora de sí; pero todos din que voltará cando a xusticia dea sentecia. Tamén a Micaela

e o portugués van folgar e criar touciño á túa conta. ¡Quén os verá tomando a raxeira do sol na solaina do pazo! ¡Cadráronche vos herdeiros, Ramonciño...!

DON RAMÓN

Abonda de bulras, Fucó, porque son capaz de tronzarche a outra perna e deixarte valdado para sempre.

SEÑOR FUCO

*Cóllese a cabeza nas mans*

Non te alporices, home, que moito máis te bulraches tí de min falándome de Pimpinela.

BOTICARIO

¿E para min non traes novas ningunhas?

SEÑOR FUCO

Tamén hai algo; pero máis levián. A túa Lela casouse co carabineiro e xa teñen catro fillos.

BOTICARIO

¡Malpocados rapaces! ¡Mellor sería que fosen fillos dun boticario!

SEÑOR FUCO

As túas irmáns venderon a botica e viven coma catro pantasma, agardando a morte e chorando por tí.

BOTICARIO

¡Coitadiñas!

*Ponse a chorar*

*O señor Fuco séntase no valado, de par do Boticario, e dispóis dun silencio  
xurde unha nova lería.*

## BOTICARIO

Vós, polo menos, morrestes de morte natural, pero eu mateime. Fun tan parvo que non podía vivir sin Lela.

## DON RAMÓN

¡Tí matácheste con solimán da túa botica; pero eu mateime con solimán da miña bodega e con viño das tabernas! ¡Morrín como un sapo, antre dous espantallos! ¡A miña caste non pudo ter un remate máis vil!

## SEÑOR FUCO

Tamén eu me matei con solimán do meu corazón. ¡Tamén eu me matei!

## BOTICARIO

Non te queixes, Fuco, porque tí polo menos... morreches farto de felicidade.

## DON RAMÓN

*Sinalando a Fuco*

Este abellón morreu afogado en mel...

## SEÑOR FUCO

Ningún de vós morreu tan adoecido coma min. Tí, Saturio, adormentácheste con xaropes da túa botica, para morreres sen doores. Tí, Ramón, morreches atordoado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín como un can da rabia, coma quén olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede. ¡Morrín por namorarme de vello!

*Cantan os galos e tanxen os sinos dunha eirexa lonxana.*

DON RAMÓN

Ímonos deitar.

BOTICARIO

Ímonos.

*Báixanse do valado e saen paseniñamente da escea, un após do outro.*

SEÑOR FUCO

¡Por namorarme de vello!

BOTICARIO

¡Por namorarnos de vellos!

*Cai o pano*



## Indicacións

Esta é unha obra maxinada por un pintor e non por un literato. Por eso necesita indispensablemente unha serie de deseños cooreados, que dín tanto ou máis que as verbas escritas. O autor sería capaz de ver a súa obra revisada por un literato, si é que non tivese ocasión el mesmo de asistir aos ensaios; pero non consentiría ningunha alteración na fisonomía dos persoaxes e no coorido das esceas, a menos de que o convencemento lle entrase polos ollos antes do estreno.

Aparte do pano de boca debe utilizarse un telón, que será completamente negro: dúas cortinas, que abren e cerran, e unha bambalina, que rube e baixa para empequenecer ou agrandar o cadro das esceas, modificando as súas dimensións, según o número dos persoaxes que actúan e o ambiente da acción. Así, por exemplo, a escea verde —dez mulleres— que aparece unha vez en cada lance, debe ser moi ancha e a escea final do segundo lance, —a dos espantallos— debe ser moi outa. O cadro da escea derradeira —a do telón con figuras pintadas— ocupará toda a luz do esceario, até desaparecer do teito o marco negro con que limitamos as demáis esceas da obra.

O Prólogo da farsa será por outa-voz colocado na carátula que porta unha gran moneca de cartón. Esta figura aparecerá dispóis de erguerse o pano de boca e diante das cortinas negras, cerradas.

Compre dar algunhas ideas aclaratorias de cómo deben ser as caretas e a vestimenta dos persoaxes. A figura da Morte —que aparece como mendicante no primeiro lance e como vello no terceiro— non necesita dúas caretas sobrepostas, pois a caveira pode figurarse doadamente pintando a propia cara do actor. As dez mulleres que aparecen na escea do fondo verde —unha vez en cada lance— son sempre as mesmas e as tres veces vestidas do mesmo xeito; pero con diferente espresión das caretas, según o lance: ledas no primeiro, de risa e gargalladas no segundo, e de asombro e arrepio no terceiro. Os retratos dos pais de Don Ramón, que aparecen na escea primeira do segundo lance, así

como as figuras pintadas no gran telón da escea final, deben ter o sitio das caras recortado, para que asome por el a face verdadeira dos actores, comenentemente caracterizados. (Nos bordes dos ocos inxertaranse as caras por meio de fitas elásticas, igoal que as caretas). Os telóns pintados para estos efectos serán de lenzo ou de hule. O boticario morto trocará de careta, pódose unha de igoal feitura á de denantes, pero en coor marelo. Pimpinela trocará de careta pódose outra de espresión chorosa. As caretas das máscaras —segundo lance— serán grandes e grosas, como feitas de madeira.

Compre espricar aínda outras ñormas e artificios. A luciña que debe figurar a ialma de Don Ramón —fin do lance segundo— será un tubo luminoso de onión, en forma de espiral, de coor verde e suxeto por un fio electrico que sirve para turrar pola luz fora da escea. (O sapo será o encarregado de levala consigo cando se achegue a Don Ramón e de alcendela no intre preciso, facendo que pareza sair da boca do fidalgo morto). Os espantallos teran proporcións xigantescas; no comezo da escea os portadores estaran sentados a plan i apostados detrás dun valado ou arró, que oculte a parte baixa dos espantallos e cunha fita de papel que caería por diante deste valado ou arró para imitar o pau que o sostén. Cando a muiñeira soe ergueranse os espantallos, virán bailando, un após do outro, cara diante, para puntear a muiñeira arredor do corpo de Don Ramon. Convén que a muiñeira sexa acompañada por timbales e que, en algúns treitos, non quedé máis que un bruido rítmico. O moneco que figura o señor Fuco morto —na quinta escea do terceiro lance— pode estar xa no leito ao erguerse o pano, pero coa cabeza debaixo dos cabezales para que ninguén o note, e 0 actor que representa o dobre do señor Fuco morto non ten máis que amañar o cadro aproveitando a escuridade. Os fondos das esceas derradeiras do primeiro e terceiro lance, que requiren a colocación dunha escada outa e firme, a onde deben subirse varias persoas, deben estar xa preparadas e firmes dende o comezo dos lances respectivos, pois non rouban espacio para armar os demais cadros, dada a sinxeleza do decorado.

